

EIXE 2 | A Recuperación como meta

DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

Entidade executante

Asociación ALIAD ULTREIA (<https://www.aliad.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos de Lugo, Burela, Monforte, Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Ourense

Persoas destinatarias

Vítimas de violencia de xénero: en concreto ás vítimas de trata e explotación sexual (un dos xeitos de violencia de xénero segundo recolle a lei galega 11/2007)

Obxectivos

Xeral: Mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual con problemáticas de saúde mental e adiccións na Comunidade Autónoma de Galicia. Xerar respostas eficaces para a reparación do dano ás vítimas.

Específicos

1. Mellorar a derivación/coordinación entre os axentes que intervimos con vítimas de trata e explotación sexual.
2. Mellorar a identificación de indicio de vítimas de trata e/ou explotación sexual por parte dos servizos de saúde mental e entidades que traballan con vítimas de violencia de xénero.
3. Mellorar a identificación de indicios de problemáticas de saúde mental e adiccións por parte de entidades especializadas e entidades que traballan con vítimas de violencia de xénero.
4. Diseñar un programa de intervención integral orientada o restablecemento das vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Metodoloxía

Dinámica, participativa e centrada na persoa.